



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

ACTA DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN 5 PEONS/PEOAS FORESTAIS, AO ABEIRO DO PROGRAMA GALICIA SUMA TALENTO: RURAL ACTIVO, 2026 (EXP. 2026/E001/000002)

En Ponteceso, sendo as **08:30 horas** do día **19 de xuño de 2026**, no Centro Cultural de Ponteceso, comparecen os membros do tribunal que vulga o proceso selectivo, polo sistema de oposición, para a provisión de cinco postos de traballo de peón/peoa forestal, persoal laboral temporal a tempo completo, por un período de 9 meses, para desenvolver o “Plan de limpeza de pistas forestais de Ponteceso”, de acordo coa subvención da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, ao abeiro da Orde do 22 de xaneiro de 2026, pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural, programa Galicia Suma Talento: Rural Activo (APROL RURAL) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2026, publicada no DOG núm. 24, do 5 de febreiro de 2026.

Constitúese polo presidente nesta data e hora o tribunal nomeado pola resolución de Alcaldía núm. 365/2026, de data 12-06-2026, asistindo os seguintes membros titulares:

Presidente: D^o Rubén Pérez Cotelo, coordinador de Seguridade, Emerxencias, Protección Civil e do GES de Ponteceso.

Vogais:

1^o: D^o. Alejandro Rodríguez Cruz, persoal laboral fixo, condutor de obras e servizos do Concello de Ponteceso

2^o D^a M^a Isabel Amado Rodríguez, persoal do GES de Ponteceso

3^o D^a M^a José Fondo Balsas, funcionaria, policía local de Ponteceso.

Secretaria: D^a. María José Sueiro Pose, funcionaria, auxiliar administrativa do Concello de Ponteceso

A convocatoria e as bases aprobáronse pola resolución de Alcaldía núm. 365/2026, do 12 de xuño de 2026, publicándose o anuncio no BOP núm. 102, do 2 de xuño de 2026 e taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal.

Pola resolución núm. 365/2026 do 12-06-2026 aprobouse a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas, nomeouse aos membros do tribunal cualificador e fixouse a data de realización dos exercicios da fase de oposición, proba práctica e proba de galego.

O obxecto da sesión é a celebración do primeiro exercicio da fase de oposición (proba práctica), que se regula na base 10.1.1, a cal establece o seguinte:

“Consistirá na realización dunha proba práctica, de carácter obrigatorio e eliminatorio, relacionada coas funcións propias do posto de traballo, que consistirá nas técnicas de uso de material, ferramentas, maquinaria que terán que empregar no seu traballo, (material de limpeza, motoserras, rozadoira, etc e/ou material de prevención de riscos laborais), a determinar polo tribunal avaliador antes da realización da mesma, nun tempo máximo que tamén determinará o tribunal segundo a dificultade do exercicio.



CONCELLO DE PONTEVEDRA
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTEVEDRA (A Coruña)

Este exercicio cualificarase de 0 a 20 puntos, sendo excluídos/as os/as aspirantes que non acaden un mínimo de 10 puntos. Corresponderá ao tribunal determinar o nivel de coñecementos esixido para acadar a puntuación mínima.

Valorarase a rapidez, habilidade e a destreza na execución da proba, a precisión e limpeza dos traballos e o resultado final acadado”

De conformidade coa devandita base 10.1.1, o tribunal, no día de hoxe, e con carácter inmediatamente previo á realización do 1º exercicio, procedeu á elección do contido da proba práctica, determinando que a mesma consista na realización das 3 probas prácticas seguintes, relacionadas coas funcións propias do posto:

1. Comprobación e colocación dos EPIs
2. Manexo e funcionamento básico da maquinaria de corte (rozadoira/desbrozadora)
3. Separación básica de residuos no colector correspondente.

De acordo coas características dos postos a prover, o tribunal determina que a proba se valore de forma práctica e sinxela, tendo en conta principalmente que a persoa aspirante saiba colocarse os EPIs básicos, manexar a rozadoira/desbrozadora con seguridade, realizar unha pequena tarefa de corte sen risco e identificar de maneira moi básica a separación dos residuos máis habituais. Valorarase a rapidez, habilidade e destreza na execución da proba, a precisión e limpeza dos traballos e o resultado final acadado.

En canto aos criterios de puntuación deste exercicio, o tribunal acorda que, sobre o total de 20 puntos que figura nas bases, serán os seguintes:

BLOQUE	PUNTUACIÓN
1. Comprobación e utilización dos EPIs	6,00
2. Maquinaria: rozadoira/desbrozadora	10,00
3. Separación básica de residuos	4,00
TOTAL	20,00 puntos

A puntuación mínima que deberán acadar os aspirantes será de 10 puntos, quedando excluídos do proceso selectivo os que non consigan esta nota de corte, dado o carácter eliminatorio da proba.

Sendo as **09:05 horas** realízase o **chamamento** aos aspirantes admitidos no proceso selectivo co seguinte resultado:

Nº	APELIDOS E NOME	DNI	PRESENTADO
1	COLLAZO ROMAR, MARIA TERESA	***1528**	NON



CONCELLO DE PONTEVEDRA
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTEVEDRA (A Coruña)

Nº	APELIDOS E NOME	DNI	PRESENTADO
2	FERNANDEZ MIRA, MARIA ARGENTINA	***6725**	NON
3	FERREIRO GONZALEZ, JOSE LUIS	***6284**	SI
4	PEÑA GARCIA, LUIS	***4488**	SI
5	Perez ALVARELLOS, FRANCISCO	***6142**	SI
6	REBORIDO MANTEIGA, PAMELA	***2709**	SI
7	REIGIA RAMA, MARIA JESÚS	***3116**	SI
8	RELLAN COUSILLAS, MARIA GUADALUPE	***3459**	SI
9	TRIGO CAMBÓN, DIEGO	***2151**	SI
10	VENTURA VIDAL, ERNESTO	***6878**	SI
11	VIDAL RODRIGUEZ, YOLANDA	***1692**	SI

Os aspirantes non presentados, MARIA TERESA COLLAZO ROMAR e MARIA ARGENTINA FERNANDEZ MIRA, considéranse excluídos do procedemento selectivo.

Ás 09:10 horas procédese ao inicio da proba práctica. Consonte á base 9.2 a orde de actuación das persoas aspirantes empeza por aqueles cuxo primeiro apelido comeza pola **letra "M"**.

Realizada a proba, a puntuación outorgada e acadada polos/as aspirantes é a seguinte:

Nº	APELIDOS E NOME	DNI	CUALIFICACIÓN 1º Exercicio (proba práctica)
1	FERREIRO GONZALEZ, JOSE LUIS	***6284**	18
2	PEÑA GARCIA, LUIS	***4488**	4
3	Perez ALVARELLOS, FRANCISCO	***6142**	20
4	REBORIDO MANTEIGA, PAMELA	***2709**	4,20
5	REIGIA RAMA, MARIA JESÚS	***3116**	4
6	RELLAN COUSILLAS, MARIA GUADALUPE	***3459**	4
7	TRIGO CAMBÓN, DIEGO	***2151**	20
8	VENTURA VIDAL, ERNESTO	***6878**	8,20
9	VIDAL RODRIGUEZ, YOLANDA	***1692**	2,40

Os aspirantes que non acadaron a puntuación mínima de 10 puntos quedan excluídos do proceso.



CONCELLO DE PONTEVEDRA
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTEVEDRA (A Coruña)

Sendo as 10.30 horas, procédese á realización da proba de coñecemento da lingua galega a aqueles aspirantes que non acreditaron o nivel Celga 1 ou equivalente e que superaron a 1ª proba, de conformidade co establecido na base 10.1.2.

A proba consiste na contestación, durante un tempo máximo de 20 minutos, dun cuestionario tipo test composto de 14 preguntas e 3 de reserva, sobre vocabulario, gramática ou aspectos da lingua galega, cualificándose con APTO ou NON APTO. As persoas declaradas non aptas quedarán excluídas do proceso selectivo.

Concorren á realización da proba os seguintes aspirantes, aos cales se lles outorga a seguinte cualificación:

APELIDOS E NOME	DNI	CUALIFICACIÓN 2º Exercicio (proba galego)
PEREZ ALVARELLOS, FRANCISCO	***6142**	APTO

Polo exposto, o Tribunal acorda, por unanimidade, o seguinte:

Primeiro: Elevar á Alcaldía a **PROPOSTA provisional de aspirantes APROBADOS, consonte á puntuación total obtida, ordenada de xeito decrecente**, para a cobertura de cinco prazas de peón/peoa forestal, persoal laboral temporal, grupo profesional V, grupo 10 de cotización á Seguridade Social, ao abeiro do Programa Galicia Suma Talento: Rural Activo, composta polos seguintes aspirantes:

Nª	APELIDOS E NOME	DNI	CUALIFICACIÓN
1	PEREZ ALVARELLOS, FRANCISCO	***6142**	20
2	TRIGO CAMBÓN, DIEGO	***2151**	20
3	FERREIRO GONZALEZ, JOSE LUIS	***6284**	18

Segundo: Publicar esta acta no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal e outorgar aos aspirantes un prazo de **2 días hábiles**, contados a partir do seguinte ao da súa publicación, aos efectos da presentación de reclamacións. (Base 11.4)

Terceiro: No caso de non haber reclamacións, a proposta terá o carácter de definitiva.

O presidente do tribunal dá por finalizada a reunión, sendo as 11:05 horas do día 19 de xuño de 2026, redactándose a presente acta, que asinan electronicamente todos os membros do tribunal, do que eu, secretaria, dou fe.



Teléf.: 981 714 000 Fax: 981 715 028
concello@pontevedra.es
www.pontevedra.es
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

CONCELLO DE PONTEVEDRA
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTEVEDRA (A Coruña)

O presidente:

A secretaria:

Rubén Pérez Cotelo

M^a José Sueiro Pose